

CONVENIO DE ASISTENCIA XURÍDICA ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ASESORÍA XURÍDICA) E A SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS, S.L. (UNINOVA)

En Santiago de Compostela, na data indicada nas sinaturas electrónicas.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José A. Sánchez Bugallo, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste, en virtude do artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, el Sr. Dna Carme Casado Casado, Conselleira Delegada da SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS, S.L. (UNINOVA), segundo o acordo do Consello de Administración do 21 de xuño de 2021.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Asesoría Xurídica municipal é o Centro Directivo que ten legalmente atribuídas as competencias de asistencia xurídica ao Concello e aos seus órganos municipais con respecto ás materias que a lei reserva aos funcionarios de habilitación estatal. Para o resto de entidades e organismos que constitúen o sector público municipal, prevese normativamente que a Asesoría xurídica poida prestar asistencia xurídica mediante a oportuna formalización dun convenio.

Tal posibilidade, de frecuente utilización na Administración Xeral do Estado e nas Comunidades Autónomas (Xunta de Galicia) ten ademais a vantaxe de xerar sinerxías e uniformidades na doutrina e criterios xurídicos a empregar en todo o sector público. Igualmente é de emprego frecuente noutras administracións municipais e mesmo en organismos participados polo Concello, coma pode ser o Consorcio.

Segundo.- Que a SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS, S.L. (UNINOVA) é unha sociedade mercantil maioritariamente participada polo Concello de Santiago de Compostela, ao amparo do artigo 85 ter da Lei de Bases de Réxime Local, cuxo fin primordial é potenciar o desenvolvemento de iniciativas empresariais partindo da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico da Universidade de Santiago, para contribuír á consolidación na cidade de Compostela dun tecido produtivo e de servizos avanzados cun claro matiz innovador.

En particular, a Sociedade poderá realizar as seguintes actividades:

- Apoio á creación, formación e desenvolvemento de empresas.
- Contribución e colaboración na reciclaxe, actualización e especialización profesional de posgraduados, cara a súa integración nunha organización empresarial.
- Apoio á formación de empresarios.
- Formación especializada en actividades de desenvolvemento tecnolóxico.
- Organización de xornadas de estudo, orientación e outros cursos relacionados cos obxectivos xerais da Sociedade.
- Constitución dun centro de apoio e referencia na Comunidade Galega en materia de creación de empresas en base a criterios de innovación tecnolóxica.
- Prestación de servizos e asistencia técnica a empresas innovadoras.
- Calquera outras que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes da Sociedade ou de calquera socios que a integran.

Co obxecto de conquistar os seus fins, a Sociedade poderá:

- a) Establecer as estruturas organizativas que considere oportunas para a mellor consecución dos seus fins.
- b) Facilitar intercambios de información.
- c) Constituír servizos de asesoramento.
- d) Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas.
- e) Promover estudos e publicacións.
- f) Establecer convenios e contratos con outras institucións públicas ou privadas.
- g) Calquera outras que afecten ou incidan nos fins estatutariamente establecidos.

Terceiro.- Ambas partes recoñecen a necesidade de proceder a unha actualización do sector público municipal, así como a un maior control e acompañamento xurídico na tramitación de todos os procesos que a sociedade deba de realizar para o cumprimento dos seus fins, así como, e sinaladamente, nos procesos de toma de decisións. Dende este punto de vista, e como sociedade mercantil os obxectivos de cumprimento normativo (*Compliance*) son inescusables para o seu Consello de Administración.

Cuarto.- Que ao obxecto de lograr unha maior efectividade no cumprimento destes fins, a asistencia xurídica, non exclusiva, por parte da asesoría xurídica municipal ten o obxectivo de implantar decididamente tal actualización. Así, ambas partes consideran convinte a designación pola asesoría xurídica de un ou máis letrados municipais en activo que actúen como coordinadores directos da asistencia xurídica.

Quinto.- Que o texto deste convenio de asistencia xurídica foi informado pola Asesoría Xurídica municipal.

Sexto.- Que, co fin de regular as condicións de prestación desa asistencia xurídica na forma prevista no ordenamento xurídico, os comparecentes subscriben o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

De conformidade co establecido no Regulamento da Asesoría Xurídica Municipal, aprobado polo Pleno en data 31 de outubro de 2019 (BOP nº 9 do 15.01.20), esta poderá prestar asistencia xurídica ao sector público municipal por medio do persoal integrado naquela.

A asistencia xurídica comprenderá tanto o asesoramento xurídico como a representación e defensa ante calquera xurisdición nos mesmos termos previstos para a asistencia xurídica á Administración municipal.

Segunda.- Facultade de elección de representación e defensa

Sen prexuízo do disposto na cláusula anterior, UNINOVA resérvase a facultade de ser asesorada en cuestións xurídicas así como representada e defendida por avogado e, no seu caso, procurador especialmente designado ao efecto consonte as normas procesuais comúns.

Entenderase que se renuncia á asistencia xurídica por parte da Asesoría Xurídica, para toda a tramitación do procedemento xudicial, dende o momento en que a entidade convida compareza ou se dirixa ao órgano xurisdicional mediante calquera outra representación.

Terceira.- Contraposición de intereses

A asistencia xurídica, por medio do persoal da Asesoría Xurídica, non se prestará cando exista contraposición entre os intereses de UNINOVA e do Concello ou os seus organismos autónomos. Neste caso, a sociedade mercantil será asesorada, representada e defendida por avogado e, no seu caso, procurador, especialmente designados ao efecto conforme ás normas procesuais comúns.

Cando exista contraposición de intereses entre UNINOVA e outra entidade convida, por regra xeral, a Asesoría Xurídica absterase de intervir no proceso xudicial en defensa e representación dunha ou doutra entidade. Os letrados municipais antes de persoarse nestes supostos elevarán consulta á Dirección da Asesoría Xurídica.

Cuarta.- Designación do letrado coordinador

O Sr. Alcalde, designará a dous ou máis letrados municipais en activo para que actúen como coordinadores da asistencia xurídica convida tanto nos asuntos consultivos coma, no seu caso, contenciosos.

Corresponde aos coordinadores dos convenios de asistencia xurídica manter unha relación actualizada sobre o estado de tramitación dos procesos xudiciais nos que interveña a Asesoría Xurídica e sexa parte a entidade convida. A tal fin a entidade convida deberá elaborar unha relación de ditos preitos.

UNINOVA colaborará co persoal da Asesoría xurídica municipal para a mellor defensa dos intereses en litixio de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica municipal.

A asistencia xurídica á que se refire este Convenio non suporá relación laboral entre UNINOVA e o persoal letrado da Asesoría que lle preste esa asistencia.

Quinta.- Duración

O presente Convenio ten unha duración dun ano. Sen embargo, poderá prorrogarse anualmente ata un máximo de catro anos máis, mediante acordo expreso das partes adoptado antes da finalización de dito período de vixencia.

Sexta.- Contraprestación

Como contraprestación polo servizo de asistencia xurídica ao que se refire o Convenio, UNINOVA satisfará ao Concello de Santiago de Compostela a cantidade anual de doce mil euros (12.000 €) máis os impostos pertinentes, que se aboará por terceiras partes correspondentes aos seguintes períodos: xaneiro-abril, maio-agosto e setembro-décembro.

Sétima.- Custas

Nos procesos nos que existan condenas en custas aplicaranse as regras seguintes:

- 1.^a Cando a condenada en custas sexa a sociedade mercantil corresponderá a esta o abono das causadas á parte contraria.
- 2.^a Cando a condenada en custas sexa a parte contraria, ingresarase a favor da sociedade asistida.

Oitava.- Modificación

O presente Convenio só pode modificarse por acordo expreso das partes durante a súa vixencia ou das sucesivas prórrogas.

Igualmente en calquera momento da vixencia do Convenio poderase ampliar ou reducir a asistencia xurídica convida sempre que exista acordo expreso das partes.

Calquera modificación formalizarase mediante a correspondente addenda ao Convenio.

Novena.- Control e vixilancia da execución del Convenio

Para a vixilancia e control da execución deste Convenio de asistencia xurídica e dos compromisos adquiridos coa súa sinatura establécese unha comisión de seguimento formada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión resolverá calquera problema de interpretación ou cumprimento que puidera formularse. As normas de funcionamento de dita comisión rexeranse pola normativa reguladora do réxime de órganos colexiados das Administracións Públicas.

As partes determinarán mediante anexo a composición da comisión, que se reunirá a petición de unha das partes.

Décima.- Causas de resolución

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio ou, no seu caso, da prórroga acordada expresamente.
- b) O mutuo acordo.
- c) O incumprimento das obrigas esenciais asumidas neste Convenio.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo de 30 días naturais, a obriga incumprida. Este requirimento será comunicado aos responsables da Comisión prevista na cláusula novena e á entidade asinante.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra, a concorrencia da causa de resolución e poderá entender resolto o Convenio. A resolución do Convenio por esta causa

poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, de acordo cos criterios que se determinen pola comisión de seguimento.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por extinción da personalidade xurídica da entidade convidada.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista noutras leis.

Undécima.- Natureza do Convenio e Xurisdición

O presente Convenio ten natureza administrativa quedando sometido ao réxime xurídico de Convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente Convenio resolveranse no seo da comisión de seguimento, e no caso de que non fora posible, a orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para resolver as cuestións litixiosas que puideran suscitarse entre as partes, de conformidade co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE

A CONSELLEIRA DELELEGADA DA SOCIEDADE

ANEXO

En virtude do disposto en la cláusula Novena do Convenio, a comisión de seguimento está formada polos seguintes membros:

– Polo Concello de Santiago de Compostela:

- A Dirección da Asesoría Xurídica ou persoa na que se delegue expresamente.
- O Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

– Pola sociedade UNINOVA:

- A Conselleira delegada da mesma ou persoa na que se delegue expresamente.
- A persoa que se determine posteriormente en acta do Consello de Administración.